

XLI Festival Xuvenil da Canción Misioneira

Sábado 13 de Marzo 2010 - Auditorio Municipal de Ourense

BASES:

- ✚ Poden participar no Festival Xuvenil tódolos xóvenes de 14 anos en adiante.
- ✚ A letra das cancións fará, obrigatoriamente, mención á *dimensión misioneira e evanxelizadora da Igrexa*. O lema para este ano, por ser ano Santo, será: **“A misión, alegría no camiño”**.
- ✚ A letra e a música das cancións serán orixinais e inéditas. Poden estar en galego ou en castelán.
- ✚ A **duración** da canción debería ser, como máximo, de 5 minutos, podendo puntuar negativamente este aspecto, se así o decidise o xurado.
- ✚ Se a organización estimase que o número de participantes inscritos é moi alto, levaríase a cabo unha preselección das cancións, podendo quedar fóra algunha delas.
- ✚ Antes do **martes 23 de febreiro**, entregárase na Delegación de Misións:
 - Letra da canción a ormisiones@obispadodeourense.com
 - Gravación da canción en, CD ou MP3.
 - Datos: nome do autor da letra e da música; nome e enderezo do responsable do Grupo; nome artístico do Grupo, número de participantes e instrumentos musicais.
- ✚ Os PREMIOS distribuiranse da seguinte maneira:
 - Trofeo a tódolos grupos participantes.
 - Trofeo ó autor da mellor música.
 - Trofeo ó autor da mellor letra.
 - Trofeo ó autor da mellor letra en galego.
 - Trofeo ó grupo con mellor interpretación.
 - Trofeo ó “Grupo revelación”
 - 1º PREMIO de **300 €**
 - 2º PREMIO de **200 €**
 - 3º PREMIO de **150 €**
- ✚ Se as O.M.P decidisen a edición ou gravación dalgunha destas obras, en calquera das fases, os dereitos de autor pasarán a ser de O.M.P., quedando para estes os posibles beneficios.
- ✚ Non se asegura ós participantes a posibilidade de realizar unha proba de son con anterioridade ó momento da actuación diante do xurado.
- ✚ A finalidade destes Festivais é ofrecer un ámbito no que poder compartir os intentos de Evanxelación dende a música, valorada como un dos elementos culturais de maior incidencia na nosa sociedade, e compartir tamén os intentos de abrir as nosas comunidades á **Misión Universal da Igrexa**.
- ✚ A decisión do xurado será inapelable. A participación neste Festival obriga á aceptación íntegra destas bases.

